CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2022/4

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO, venres 29 de abril de 2022 -

No día da data, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria-interventora accidental, que subscribe, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:

PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GOMEZ
ANA MUÑIZ ABUÍN

BNG
XOÁN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
M. SOLEDAD BOGA GRELA
SERGIO JOSÉ BOGA GÓMEZ

Unidade Veciñal de Dodro
ABEL TARRÍO ABUÍN
XOÁN XOSÉ VICENTE FRANCO

AUSENCIAS:

PP
JOSÉ PABLO CARBAJAL IGLESIAS
VALENTÍN ALFONSÍN SOMOZA
ADRIANA SÓÑORA BUSTELO

SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL:

MARÍA JOSÉ RODRÍGUEZ EXPÓSITO, resolución da DXAL do 07/06/2021 e resolución da Alcaldía núm. 147/2022, do 28-04-2022.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ORDE DO DÍA

1. DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DO CONTROL FINANCIEIRO EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS E SERVIZOS MUNICIPAIS XESTIONADOS INDIRECTAMENTE.
2. NOMEAMENTO SECRETARÍA DE XULGADO DE PAZ

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DO CONTROL FINANCIEIRO EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS E SERVIZOS MUNICIPAIS XESTIONADOS INDIRECTAMENTE.

Procédese co seguinte punto da Orde do día, que a continuación se transcribe:

"EXPTE: 2021/X999/000119
ASUNTO: DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DO CONTROL FINANCIEIRO EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS E SERVIZOS MUNICIPAIS XESTIONADOS INDIRECTAMENTE.
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

O artigo 2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, indica:
"1. Son funciones públicas necesarias en todas las Corporaciones Locales, cuya responsabilidad administrativa está reservada a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, las siguientes:
(...)
c) Secretaría-Intervención, a la que corresponden las funciones de la fe pública y el asesoramiento legal preceptivo y las funciones de control y fiscalización interna de la gestión económica-financiera y presupuestaria, y la contabilidad, tesorería y recaudación."

O artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, indica:

"1. El control interno de la gestión económico-financiera y presupuestaria se ejercerá en los términos establecidos en la normativa que desarrolla el artículo 213 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y comprenderá:

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

a) La función interventora.
b) El control financiero en las modalidades de función de control permanente y la auditoría pública, incluyéndose en ambas el control de eficacia referido en el artículo 213 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. El ejercicio del control financiero incluirá, en todo caso, las actuaciones de control atribuidas en el ordenamiento jurídico al órgano interventor, tales como:
1.º El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
2.º El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.
3.º La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.
4.º La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.
5.º La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.
6.º Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica."

Con data 18/11/2021 emítese informe de Secretaría-intervención no que se da conta da escaseza de medios persoais para a tramitación dos expedientes existente no Concello de Dodro e a elevada carga de traballo existente na Secretaría-intervención municipal. Así mesmo proponse a adopción de determinadas medidas entre as que se atopa delegación na Deputación da Coruña da prestación dos servizos de control financeiro nas materias que a mesma asume.

Logo de ver que a Deputación da Coruña aprobou o 2 de decembro de 2019 a modificación das bases de prestación de servizos de control financeiro aos concellos da provincia (BOP núm. 101 de 06/07/2020), nas que se establece como contido e alcance da delegación:
"1. Contido.
Os concellos poderán delegar as seguintes funcións:
a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas
b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia.
c) A emisión de informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa (só para concellos de menos de 5.000 habitantes).
2. Alcance do exercicio das competencias delegadas.
2.1 A delegación de competencias en materia de control financeiro de subvencións implica que a Deputación asumirá a totalidade das funcións do órgano interventor municipal con respecto ao exercicio desta función. Asemade, asumirá as competencias para a tramitación dos posibles expedientes de reintegro que se deriven dos informes emitidos, así coma o exercicio da potestade sancionadora, cando se aprecien algunha conduta infractora nos informes emitidos. Finalmente, tamén abranguerá a xestión e recadación das liquidacións resultantes dos procedementos de reintegro e sancionadores, que lle permitirá a Deputación liquidar e recadar, tanto en período voluntario como executivo, as sancións resultantes a través dos Servizos da Área Tributaria. Os importes obtidos serán ingresados a prol de cada concello segundo o previsto nas Bases para a prestación de servizos tributarios anteriormente referidas, unha vez descontada a taxa que se reporta a prol da Deputación.
2.2. No ámbito do control permanente dos servizos públicos , a delegación comprenderá a función de emitir anualmente un informe respecto da adecuación do servizo ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental."

O Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 09/12/2021, adoptou por unanimidade o acordo seguinte, previo informe de Secretaría-intervención:

*"**PRIMEIRO**.- Aprobar provisionalmente a delegación a favor da Deputación provincial da Coruña, das seguintes competencias, polo período de dous anos prorrogable tacitamente por períodos iguais nos termos indicados na base 8º das Bases da Deputación:*

a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia.

c) A emisión de informes de control financeiro sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa.

***SEGUNDO**.- Publicar o acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose*

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo. O acordo provisional elevarase a definitivo no suposto de non presentación de alegacións.

***TERCEIRO**.- Notificar á Deputación da Coruña o acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.*

Con data 28/02/2022 emítese informe da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e saída de documentos no que se indica que con data 17/12/2021 foi publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 239, o acordo do Pleno da Corporación relativo á aprobación provisional da delegación a favor da Deputación da Coruña de competencias en materia de control financeiro; así mesmo durante o período de 30 días hábiles outorgados para a presentación de alegacións (dende o 20/12/2021 ao 31/01/2022) non foi presentada ningunha.

Con data 28/02/2021 emítese certificación de Secretaría-intervención nos mesmos termos que os indicados no informe anteriormente referido.

De acordo do establecido no apartado 3º da base novena das Bases de prestación de servizos de control financeiro aos Concellos da provincia (BOP núm. 101 de 06/07/2020), non téndose presentado alegación ningunha, entendeuse elevado a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno na sesión de 09/12/2021, polo que con data 28/02/2022 (R.S. 20220000000043) remitiuse á Deputación da Coruña o certificado do acordo plenario de data 09/12/2021 xunto co certificado de Secretaría-intervención de non presentación de alegacións.

Por parte da Deputación da Coruña comunícase a necesidade de adopción dun acordo plenario expreso de aprobación definitiva da delegación.

Ao abeiro do disposto no artigo 22.2 p) en relación co 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o órgano competente é o Pleno da Corporación.

Polo anterior, proponse ao Pleno da Corporación, a adopción por unanimidade ou maioría absoluta dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a delegación a favor da Deputación provincial da Coruña, das seguintes competencias, polo período de dous anos prorrogable tacitamente por períodos iguais nos termos indicados na base 8º das Bases da Deputación:

a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia.

c) A emisión de informes de control financeiro sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa.

SEGUNDO.- Notificar á Deputación da Coruña o acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Bos días. Iniciamos a sesión do pleno extraordinario municipal convocado para as doce, con dous puntos na orde do día, o primeiro Delegación na Deputación da Coruña do control financeiro en materia de subvencións e servizos municipais xestionados indirectamente, isto xa se trouxo ao Pleno e xa se aprobou por unanimidade e Deputación pediunos a celebración doutro pleno como se sinala nun dos últimos parágrafos da folla 3

María José Rodríguez, secretaria accidental: A pesar de que estivo en exposición pública e non houbo ningunha reclamación, co cal o acordo pasaría a definitivo, a Deputación pide que se tome un acordo expreso de aprobación definitiva, por iso vai a este pleno para a aprobación definitiva, despois de non ter ningunha alegación.

O alcalde, estivo exposto ao público, non houbo ningunha reclamación e a Deputación quere que tomemos un acordo definitivo, polo tanto, vou a dar un turno a cada portavoz por si teñen algo que engadir.

María Soledad Boga, portavoz do PP: Sí, nos non temos nada que engadir, imos a votar a favor igual que votamos no pleno anterior, é un mero trámite e nada mais.

Ramón Abuín, portavoz do PSdeG-PSOE: Completar o trámite correspondente e nada mais, vamos a votar a favor

Abel Tarrío, portavoz de Unidade Veciñal de Dodro: Bo día. Confirmar o voto favorable da Unidade Veciñal como fixo na aprobación inicial, recalcar os dous argumentos que dixemos naquel momento, que descargar parte do traballo de fiscalización vainos permitir dedicar este esforzo a outros temas importantes. E despois, en canto a transparencia tamén nos parece positivo que o control financeiro e económico e de fiscalización que sexa por medio dunha entidade pública como a Deputación, polo tanto non camboiu nada desde aquela e a Unidade Veciñal vai a votar a favor

Xoán Bautista Mariño, portavoz do BNG: Bos días. Nós vamos a continuar

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

coa tramitación, igual que no anterior pleno vamos a ratificar aquel acordo no día de hoxe.

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

2. NOMEAMENTO SECRETARÍA DE XULGADO DE PAZ

Por último e logo de ver a proposta de acordo, que se transcribe literalmente a seguir:

"EXPTE: 2022/E001/000009
ASUNTO: NOMEAMENTO PARA SECRETARÍA DE XULGADO DE PAZ
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Mediante Resolución da alcaldía núm.1/2021 de 11 de xaneiro acordouse, entre outro declarar a xubilación de José Manuel González Varela, persoal laboral deste Concello, secretario do Xulgado de Paz, con data do día 11/01/2021 e dispor o cesamento no traballo do citado empregado a partir do día 11/01/2021, cos

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

dereitos que lle correspondan.

A Lei 38/1988, de 28 de decembro de Demarcación e de Planta Xudicial establece no seu artigo 50 o seguinte:

"1. La Secretaría de los Juzgados de Paz de poblaciones de más de 7.000 habitantes y la de aquellos otros Juzgados de Paz o Agrupaciones de Secretarías de los mismos en los que la carga de trabajo lo justifique, será desempeñada por un Oficial al servicio de la Administración de Justicia, conforme se determinen en la plantilla del Cuerpo.
2. La Orden de plantilla determinará las agrupaciones a que se refiere el artículo 99.2 de la Ley Orgánica del Poder Judicial.
3. En los demás Juzgados de Paz, el Ayuntamiento nombrará una persona idónea para el desempeño de la Secretaría y lo comunicará al Ministerio de Justicia para su aprobación.
4. Con sujeción al régimen local, las Comunidades Autónomas y los Ayuntamientos podrán promover y efectuar Agrupaciones de Secretarías para que sean servidas por un solo funcionario.

E o artigo 51 da mesma lei obriga a que nos xulgados de paz se presten servizos por persoal dependente do concello establecendo literalmente que:

"1. En los Juzgados de Paz se prestará servicio por personal dependiente del Ayuntamiento, sin perjuicio de la normativa aplicable al ejercicio de su función.
2. No obstante, en los Juzgados de Paz de poblaciones de más de 7.000 habitantes y en aquellos otros Juzgados de Paz en los que la carga de trabajo lo justifique prestarán servicio funcionarios de los Cuerpos al servicio de la Administración de Justicia, con arreglo a las plazas que se prevean en la plantilla de dichos Cuerpos.
3. Las instalaciones y medios instrumentales del Juzgado de Paz, salvo cuando fuere conveniente su gestión total o parcial por el Ministerio de Justicia o la Comunidad Autónoma respectiva, estarán a cargo del Ayuntamiento respectivo."

Considerando polo tanto que corresponde ao Concello o nomeamento que debe recaer sobre persoa idónea que sexa persoal dependente do Concello.

Considerando que foi realizada sondaxe entre os/as empregados/as municipais, a fin de comprobar a dispoñibilidade e posible aceptación do nomeamento como Secretario/a do Xulgado de Paz.

Polo anterior, abeiro do indicado nos artigos arriba referidos proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Nomear como secretaria do Xulgado de Paz do Concello de Dodro á funcionaria municipal dona Ana María Rial Dafonte, por entender que concorren na mesma as condicións de persoa idónea, funcionaria desde xullo de 1994 con titulación universitaria.

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á persoa nomeada quen comezará o desempeño das funcións a partir do 1 de maio de 2022.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Xustiza e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís."

O alcalde, Francisco Xabier Castro: Dende a xubilación do anterior secretario do Xulgado, ocorrida neste mandato que nos toca a nós, estivemos revisando toda a documentación deste traballador, desta persoa que exercía labores de secretario do xulgado. Consta unha proposta miña con informe de secretaría-intervención na documentación do pleno, polo que se nos facía practicamente moi difícil outra contratación, etc. Etc. Esta persoa anterior estivo traballando no Concello de Rois e no Concello de Dodro, viña dunha situación anterior que se estaba arrastrando, e cando intentamos retomar este asunto fíxose moi complicado.
Finalmente a lei di que unha [persoa] funcionaria ou unha laboral fixa indefinida do concello, unha persoa, traballador, podería facerse cargo de este traballo, e fixemos unha consulta para ver que traballador ou traballadora estaba interesado en recibir este cargo ou desempeñalo e finalmente a traballadora funcionaria Ana María Rial Dafonte aceptou a proposta de ofrecemento que lle fixo este alcalde, e vai a ser nomeada, salvo que aquí se decida outra cousa en contra, secretaria do Xulgado de Paz de Dodro.

María Soledad Boga, portavoz do PP: Si, nós non temos que dicir nada en contra do tema, parécenos ben. O que si queremos preguntar é como se vai facer cargo unha funcionaria e se o horario do Xulgado de Paz vai seguir sendo pola tarde ou pasará á maña, un pouco por información, máis que por outra cousa.

O alcalde: Hoxe é o nomeamento, á tarde estaremos coa xuíza de Paz para tratar de que isto se cubra o antes posible, e poñerémolo aquí. É posible que sexa só pola mañá, que coincida co seu horario laboral, para facerlle á traballadora máis levadeira a función que ten que realizar.

María Soledad Boga: Pois pola nosa parte non hai nada en contrario e votaremos a favor.

Ramón Abuín, portavoz do PSdeG-PSOE: Queremos agradecerlle a Ana Rial que se fixese cargo deste cometido.

Abel Tarrío, portavoz de Unidade Veciñal de Dodro: A persoa cumpre os requisitos que marca a lei para estes casos; a persoa acepta o nomeamento como secretaria do Xulgado de Paz de Dodro, e a Unidade Veciñal de Dodro vai votar a favor.

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Xoán Bautista Mariño, portavoz do BNG: Como o resto do Pleno e das persoas presentes, estamos agradecidos de que aparecera esta persoa e que asuma este cometido a traballadora do Concello, e imos votar a favor.

O alcalde: quero que conste de novo o agradecemento persoal a Ana Rial por axudar neste trance que resultou máis complicado do que nos pensabamos.

Procédese a votación.

Votacións:
Votos a favor: 8
1 BNG
2 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro

Votos en contra: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes a adopción do dito acordo.

Ás 12:05 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora accidental, dou fe.

Dodro, documento asinado dixitalmente

A secretaria-interventora accidental, María José Rodríguez Expósito

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE
DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CVD: vZthk/7oj/cOEXQkd0XH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.